

C.E.I.P. Sada e contornos

Seminario Permanente Festas Cíclicas Anuais

MARCADORES DE LECTURA

Coordinadora: M^a Nilda Fafian Porto

FESTAS ANUAIS

OUTONO



O SAMAÍN

A noite de Samaín (deus celta da morte), celébrase os días 31 de outubro e 1 de novembro. É tradición tallar cabazas, que representan as cabezas dos mortos



O MAGOSTO

Festa propia do outono, celébrase no período que vai entre a segunda quincena de outubro e a primeira de novembro. É un ensalzamento da terra e agradecemento polos froitos recollidos. A castaña ("pan dos pobres") é o elemento esencial.



Nace no monte
no monte se cría,
por unha risada
perdeu o que tiña.

(A castaña)



Outono quente
inverno doente

No mes dos mortos
mata os teus porcos.



Castaña que estás no camiño,
deixa ó amo e vente conmigo...

FESTAS ANUAIS

INVERNO

Polo Nadal cada ovella ó seu curral.



O NADAL

Época na que se conmemora o nacemento de Cristo. Tempo de Nadal (Nadal = decembro) son os días que van do 24 de decembro ata o 6 de xaneiro (festa de Reis).

No mes de xaneiro
súbete ó outeiro,
se ves negrexar
bótate a cantar,
se ver verdear
bótate a chorar.



O inverno come e non cría.

Inverno chuvioso, verán abondoso.

O ENTROIDO

Período de tempo que comprende os tres días que preceden ó comezo da Coresma. Festas populares que se celebran estes días con máscaras, comparsas, bailes,...



Días de Entroido e días de Pascua, cada larpeiro na súa casa, cada entroido seu choqueiro.



En ano bisesto
colle e cría
debaixo dun cesto

Entre xaneiro e febreiro
inverno enteiro

C.E.I.P. Sada e contornos

Seminario permanente Festas cíclicas anuais

FESTAS ANUAIS

PRIMAVERA

OS MAIOS

Festas populares coas que se celebra a floración das plantas e a chegada dos primeiros froitos.

Levántate, maio
que tanto durmiches,
xa pasou o inverno
e non o sentiches.

Aquí ven o maio
vestido de flores.
Aquí ven San Xoán
que trae as mellores.



Entre marzo e abril
sae ou ven o cuco.

Altas ou baixas,
en abril son as Pascuas.

O percebe e o salmón
en maio están na sazón.

Maio chuvioso, verán caloroso.


VERÁN

SAN XOÁN

É a festa do lume novo; o triunfo
do sol, chega a estación clara.

Salto por enriba
do lume de San Xoán
para que non me trabe
nin cobra nin can.

Mañanciña de San Xoán
mañanciña a máis querida,
que baila o Sol cando nace
e ri cando morre o día.



En San Xoán xa a
sardiña molla o pan.

Xullo arder e patacas coller.

Polo agosto vale máis
viña que mosto.

Polo San Xoán comeza o verán.